

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*CORRECCIÓN de erros.- Anuncio do 12 de abril de 2011, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos definitivos do baremo no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de fagot (594408), gaita galega (594413), instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco (594417), piano (594423) e violoncello (594434), aberto mediante o Anuncio do 9 de febreiro de 2011, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (Diario Oficial de Galicia do 16 de febreiro).*

Advertido un erro no devandito anuncio publicado no *Diario Oficial de Galicia* n.º 77, do martes, 19 de abril de 2011, é necesario substituír o punto terceiro polo seguinte:

«Terceiro. Contra estas puntuacións definitivas e a relación de excluídos definitiva, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o xulgado do contencioso-administrativo, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».